



CENTRAL UNITARIA DE TRABALLADORES/AS

Rúa Antonio Garelly, 28 – Entch CANGAS – Tfono./fax 986 392003

[www.cutgalicia.org](http://www.cutgalicia.org)

## **NOTA DE PRENSA**

### **A CUT DENUNCIA Ó CONCELLO DE BUEU POR VULNERACIÓN GRAVE NAS RETRIBUCIÓNS SALARIAIS ÓS TRABALLADORES CON CONTRATO TEMPORAL.**

A CUT ven de presentar unha denuncia perante a Inspección de Traballo e Seguridade Social contra o Concello de Bueu, polo incumprimento manifesto e reiterado no abono dos salarios ós traballadores/es contratados.

Incriblemente o Concello abona ós traballadores un salario aleatorio que en nada ten que ver co pactado en Convenio Colectivo e que nalgúns dos casos pode supoñer a metade do que legalmente debería de percibir.

Desde a CUT esiximos do Concello a inmediata normalización salarial, por supoñer un gravísimo quebranto ós dereitos dos traballadores.

Por outra parte, facemos un chamamento a todos os traballadores/as afectados a denunciar e reclamar os seus dereitos por estar garantidos no Convenio Colectivo.

O Morrazo, 27 de maio de 2011.